

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL

CURSO: 2019-2020

MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA. 2º, 3º E 4º ESO

DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA (veronica.paz.vidal@edu.xunta.gal)

DATA: MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	Páx. 2
1.1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2º ESO.....	Páx. 3
1.2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3º ESO.....	Páx. 4
1.3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 4º ESO.....	Páx. 6
2. Avaliación e cualificación.....	Páx. 8
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).	Páx. 11
4. Información e publicidade.....	Páx. 11

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Nas seguintes táboas indícanse os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles na materia de Física e Química para os niveis de 2º da ESO (punto 1.1), 3º da ESO (punto 1.2) e 4º da ESO (punto 1.3). Fíxose unha selección a partir da programación didáctica da materia para o curso 19/20 tendo en conta os mínimos esixibles para superar a materia.

Estes criterios, estándares e competencias divídense en dous grupos: *presenciais* e *a distancia*.

Por *presenciais* refírome a aqueles criterios e estándares traballados durante o período presencial: primeiro trimestre e segundo trimestre ata o 13 de marzo. Estes criterios e estándares son aqueles que se consideran imprescindibles, dos traballados presencialmente, para superar cada trimestre. Con isto, o alumnado que teña aprobados estes dous trimestres terá acadado ditos estándares e competencias.

Por *a distancia* refírome a aqueles criterios e estándares que son imprescindibles para completar cada un dos niveis de Física e Química, pero que foron traballado de forma telemática. O alumnado que traballe correctamente na terceira avaliación e a teña superada, terá acadados ditos criterios. Porén, como non se pode prexudicar ao alumnado polo seu rendemento no terceiro trimestre, ter superada a materia non implica necesariamente ter desenvolvido estes criterios, estándares e competencias, xa que a nota pode corresponderse unicamente ao traballo presencial.

En todos os niveis a principal competencia a desenvolver é a Competencia Matemática e a Competencia Científica e Tecnolóxica (CMCCT). Porén tamén teñen gran relevancia, en especial neste terceiro trimestre telemático, a Competencia para Aprender a Aprender (CAA) e a Competencia Dixital (CD). O resto de competencias serán tamén traballadas pero de xeito máis indirecto.

1.1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2º ESO			
	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Comp.
Presencial	B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiás, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	CMCCT, CCL,CAA
	B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	CCEC, CMCCT
	B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.	FQB1.3.1. Establece relación entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	CMCCT
	B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	CMCCT
	B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas propiedades	FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	CMCCT
	B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular	FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	CMCCT
	B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.	CMCCT
	B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.	FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	CMCCT
	B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	CMCCT
A distancia	B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo recorrido e o tempo investido en percorrelo.	FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiás utilizando o concepto de velocidade media.	CMCCT
	B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	CMCCT

B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende.	FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	CMCCT
B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	CMCCT
B5.2. Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio.	FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiáns, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	CMCCT
B5.3. Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfire a enerxía térmica en situacións cotiáns.	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	CMCCT
B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable.	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	CCL, CMCCT, CSC

1.2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3º ESO

	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Comp.
Presencial	B1.1 Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	CAA, CMCCT
	B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	CAA, CCEC, CMCCT
	B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	CMCCT
	B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e describir e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	CMCCT

	ambiental.		
	B2.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia.	FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	CMCCT
	B2.3. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.	FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, romando como referencia o gas nobre máis próximo.	CMCCT
	B2.6. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	CCL, CMCCT
A distancia	B3.1. Describir a nivel molecular o proceso polo que os reactivos se transforman en produtos, en termos da teoría de colisións.	FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	CMCCT
	B4.1. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.	FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.	CMCCT
		FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa cara e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.	CCEC, CMCCT
	B4.3. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico.	FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.	CMCCT
	B5.3. Explicar o fenómeno físico da corrente eléctrica e interpretar o significado das magnitudes de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas.	FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacións entre si empregando a lei de Ohm.	CMCCT
FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.		CMCCT	

1.3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 4º ESO			
	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Comp.
Presencial	B1.2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese dende que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.	FQB1.2.1. Distingue entre hipótese, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.	CMCCT, CAA
	B1.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.	FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.	CMCCT
	B1.4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes.	FAB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	CMCCT
	B1.5. Xustificar que non é posible realizar medidas sen cometer erros, e distinguir entre erro absoluto e relativo	FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	CMCCT
	B1.6. Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.	FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.	CMCCT
	B2.2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica	FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e os seu comportamento químico.	CMCCT
	B2.4. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na táboa periódica.	FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.	CMCCT
	B2.6. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC.	FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC	CCL, CMCCT
	B3.4. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mal como a súa unidade no SI	FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.	CMCCT
	B3.5. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.	FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.	CMCCT
FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un		CMCCT	

		rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.	
A distancia	B4.1. Xustifica o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores, para o describir adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.	FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.	CMCCT
	B4.2. Distinguir os conceptos de velocidade media e instantánea, e xustificar o tipo de movemento.	FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.	CMCCT
	B4.4. Resolver problemas de movementos rectilíneos e circulares, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, e expresar o resultado nas unidades do SI.	FQB4.4.1. Resolve problemas de MRU, MRUA, MCU, incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do SI	CMCCT
	B4.6. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representala vectorialmente.	FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.	CMCCT
		FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	CMCCT
	B4.8. Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.	FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	CMCCT
	B5.1. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación desta por mor do rozamento.	FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	CMCCT
	B5.2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e identificar as situacións en que se producen.	FQB5.2.1. Identificar a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as aceptacións coloquiais destes termos do seu significado científico.	CMCCT

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: na terceira avaliación teranse en conta dous aspectos. Por unha banda, a participación nas actividades propostas e a realización das tarefas; e por outra banda, os resultados obtidos en ditas tarefas. O peso de cada parte será o seguinte:</p> <p>30% da cualificación: participación e actitude de cara a materia. Terase en conta a participación nas actividades e a realización das tarefas propostas. Esta nota, que pode estar comprendida entre 0 e 10 calcularase segundo a fórmula:</p> $\frac{\text{n}^\circ \text{ traballos entregados}}{\text{n}^\circ \text{ traballos totais}} \times 10$ <p>70% da cualificación: nota media obtida nos traballos (\bar{x}). Os traballos non entregados serán cualificados cun 0, e teranse en conta para o cálculo da nota media. Realizarase unha media aritmética.</p> <p>A nota da terceira avaliación (n_3) calcularase do seguinte xeito:</p> $n_3 = \frac{\text{n}^\circ \text{ traballos entregados}}{\text{n}^\circ \text{ traballos totais}} \cdot 10 \cdot 0,3 + \bar{x} \cdot 0,7$
	<p>Instrumentos: <u>tarefas de entrega semanal</u>. Estas serán cuestionarios test ou de resposta curta autocorrixibles, problemas numéricos, cuestións teóricas, realización de esquemas e mapas conceptuais, actividades máis abertas coma o deseño dalgún problema, etc. Cada luns explícaselle ao alumnado o traballo para realizar ao longo da semana e o venres recóllense ditas tarefas para ser avaliadas. En función do tipo de tarefa empregaranse <u>plantillas de corrección</u> (test e resposta curta) ou <u>rúbricas de análise</u>.</p> <p>Plataforma empregada: todo o material será compartido a través de <u>Edixgal</u> para 2º da ESO e mediante <u>Google Classroom</u> para 3º e 4º da ESO. Como vía de comunicación de novas e resolución de dúbidas tamén se empregará o correo electrónico en todos os niveis.</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso. Para isto terase en conta a nota media dos dous primeiros trimestres (n_p: nota media presencial) e a nota obtida no terceiro (n_3). Atendendo ás <i>Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia</i>, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado (punto 7.2 de ditas instrucións). Os resultados na terceira avaliación nunca prexudicarán ao alumnado.</p> <p>Tendo isto en conta, para o cálculo da cualificación final de curso distinguiranse dous casos: aquel alumnado que obtivo un 3 ou menos no terceiro trimestre (caso 1) e aquel alumnado que obtivo máis dun 3 no terceiro trimestre (caso 2).</p> <p>Caso 1. A nota do terceiro é menor ou igual ca 3 ($n_3 \leq 3$). Dado que 3 puntos se</p>

poden obter entregando as tarefas aínda que con ceros, considero que o alumnado que obteña un 3 ou menos non traballou axeitadamente na terceira avaliación. Por isto non obterán ningunha bonificación polo seu traballo na terceira avaliación. A súa nota será a máis alta entre:

- a) A nota presencial: $N=n_p$
 b) O 80% presencial e o 20% a distancia: $N=0,8 \cdot n_p + 0,2 \cdot n_3$

Caso 2. A nota do terceiro é maior ca tres ($n_3 > 3$). Enténdese que o alumnado neste se esforzou e será bonificado cunha subida de ata 2 puntos con respecto á nota presencial. O cálculo a realizar será o seguinte:

- a) $N = 0,8 \cdot n_p + 0,2 \cdot n_3 + \frac{n_3}{n_p}$; se a nota do terceiro (n_3) é menor á presencial (n_p)
 b) $N = 0,8 \cdot n_p + 0,2 \cdot n_3 + \frac{n_p}{n_3}$; se a nota do terceiro (n_3) é maior ca presencial (n_p)

O 80% da nota será a media dos dous primeiros trimestres e o 20% restante a nota da terceira avaliación. Ademais, súmase o factor (n_3/n_p ou n_p/n_3) respectivamente que pode subir ata un punto. Distínguense os dous casos para que o valor máximo dese termo sexa 1. Con esa fracción ademais valórase máis positivamente ao alumnado que consegue manter o rendemento de traballo: é dicir, se un alumno cun 10 na nota presencial volve a sacar un 10 na nota do terceiro sumará máis ca se un alumno de 10 na nota presencial saca un 5 na nota do terceiro; no primeiro caso sumará 1 punto e no segundo 0,5 puntos. De todos xeitos sumará, polo que con este método sempre compensa traballar no terceiro trimestre, aínda que sexa cun rendemento baixo.

Para o alumnado **no caso 2** modificaranse as regras de redondeo: **a partir do "0,algo" subirase á seguinte unidade** (é dicir, un 7,1 será un 8 na nota final).

Con todo isto, **o alumnado no Caso 2 poderá subir ata 2 puntos na nota.**

A continuación recóllese unha **simulación** numérica de todos os posibles casos nos que se podería atopar o alumnado e a nota final que obtería con este sistema:

$n_3 \backslash n_p$	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1	1	1	2	2	2	2	3	3	3	3	3
2	2	2	2	3	3	3	4	4	4	4	4
3	3	3	3	3	4	4	5	5	5	5	5
4	4	4	4	4	5	5	6	6	6	6	6
5	5	5	5	5	6	6	7	7	7	7	7
6	6	6	6	6	7	7	7	8	8	8	8
7	7	7	7	7	7	8	8	8	9	9	9
8	8	8	8	8	8	9	9	9	9	10	10
9	9	9	9	9	9	9	9	10	10	10	10
10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Obsérvanse **tres posibles situacións:**

	<p>Situación 1 (sombreado en vermello na táboa): alumnado que teña de media presencial un 1 ou un 2. En ningún caso poderá recuperar a materia co resultado da terceira avaliación. Este alumnado terá que realizar unha serie de actividades de recuperación específicas dos dous primeiros trimestres para poder superar a materia. A nota obtida nesas actividades de recuperación será a súa n_p.</p> <p>Situación 2 (sombreado en amarelo na táboa): alumnado que teña na presencial un 3 ou un 4. Neste caso si poderán recuperar os trimestre presenciais co traballo da terceira avaliación. Como moitas das actividades son de reforzo e recuperación, estas servirán para recuperar a materia. No caso do alumnado cun 3 de media, se obtén un 6 ou máis na terceira avaliación poderá superar o curso. E no caso do alumnado cun 4 de media presencial obtendo un 4 na terceira poderá superar tamén o curso.</p> <p>O alumnado cun 3 ou un 4 de media presencial tamén terá a opción de realizar un caderno de actividades para recuperar se así o preferise (para non condicionar o aprobado ao resultado da terceira avaliación).</p> <p>Situación 3 (sombreado en verde na táboa): alumnado cun 5 ou máis. Neste caso, o alumnado, en función do rendemento na terceira avaliación, poderá subir ata 2 puntos a nota presencial.</p> <p>Nótese que con este sistema, estase bonificando ademais o esforzo daquel alumnado que decide traballar na terceira avaliación. Se un alumno cun 6 na presencial obtén un 0 na terceira, levará un 6 na nota final, xa que nunca se pode prexudicar ao alumnado. Porén se outro alumno cun 6 na presencial decide esforzarse no terceiro trimestre, obtendo un 4 na terceira avaliación xa poderá optar ao 7. Pensamos que isto é un bo xeito de motivar ao alumnado e tamén de valorar o esforzo persoal de cada quen.</p> <p>Por suposto, en todos estes casos teranse en conta os posibles problemas de conectividade de cada alumno e a súa situación persoal para ser xuntos e flexibles á hora de valorar a entrega ou non entrega das tarefas.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>O alumnado que non acade un 5 na cualificación final terá que realizar a proba extraordinaria de setembro, na que os criterios de avaliación serán os criterios empregados na formación presencial (é dicir, os criterios e estándares da primeira e segunda avaliación).</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación: serán os criterios empregados na formación presencial do nivel correspondente. Isto decidiuse así para non prexudicar ao alumnado coa materia pendente dun nivel con respecto ao alumnado dese propio nivel. Non sería xusto para o alumnado cunha materia pendente non aplicar os mesmos criterios xa que se podería dar o caso de que un alumno do nivel x superase a materia con 2/3 dos contidos, mentres que un alumno coa materia pendente do nivel x tivera que superala coa totalidade dos contidos. Para evitar esta desigualdade, os criterios de avaliación do alumnado cunha materia pendente serán os mesmos caos que se terán en conta na proba extraordinaria de setembro para ese nivel.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: farase entrega dun caderno de actividades por correo electrónico. Neste especificarase a data límite de entrega do mesmo.</p> <p>Criterios de cualificación: a cualificación obtida no caderno será a cualificación da materia. De ser menor ca 5 deberá realizar unha proba en setembro.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>En todos os niveis se propoñerán simultaneamente actividades de reforzo e de ampliación. O tipo de actividades propostas son: cuestionarios tipo test e de resposta curta (sobre todo para as tarefas de repaso), problemas de aplicación numérica, cuestións teóricas para reflexionar sobre algún concepto, a realización de esquemas ou mapas conceptuais, etc.</p> <p>A entrega destas tarefas realízase a través de Edixgal (en 2º da ESO) e a través de Google Classroom (en 3º e 4º da ESO).</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O traballo organízase semanalmente para todos os niveis. Como norma xeral, o alumnado deberá realizar un cuestionario de repaso dos contidos vistos presencialmente e realizará unha breve ampliación.</p> <p>Cada semana, a dinámica de traballo é:</p> <p>O alumnado deberá visualizar un vídeo explicativo e a continuación realizar unha serie de actividades sobre ese vídeo (podendo ser tanto de repaso coma de ampliación, ou ambas). Se estas actividades non poden ser autocorrixibles subirase na seguinte semana (unha vez rematado o prazo de entrega) a solución ás mesmas.</p>
Materiais e recursos	<p>Materiais audiovisuais: Os vídeos son presentacións de PowerPoint onde gravo a voz e a cara facendo as explicacións pertinentes (estes vídeos non exceden a media hora, optando ultimamente por facer vídeos máis curtos, de 10 minutos máximo, aínda que teñan que ser en maior número).</p> <p>Actividades a través de tarefas a entregar por Edixgal ou por Google Classroom. En ocasións estas tarefas requiren que se adxunte un documento de elaboración propia por parte do alumnado, e noutras son cuestionarios online.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Informarase ao alumnado a través do correo electrónico, como se ven facendo na materia para comunicar calquera tipo de novidade.</p> <p>Como o método de cálculo da cualificación final é un pouco complexo, enviaráselle ao alumnado un <u>vídeo explicativo</u> para que haxa as menores dúbidas posibles.</p> <p>Dende o centro comunicaráselle ás familias, a través de Abalar, da publicación na páxina web do centro destas modificacións.</p>
Publicidade	<p>Publicación na páxina web do centro.</p> <p>Publicación na materia de Edixgal (para o alumnado de 2º da ESO) e publicación en Google Classroom (para o alumnado de 3º e 4º da ESO).</p>